



**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DA MANCOMUNIDADE DE  
CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL, CERTIFICA:**

Que con data 27 de xullo de 2018 o pleno da Mancomunidad adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“3 Proposta de acordo de alteración da calificación xurídica do edificio do antigo matadoiro mancomunado.**

Examinada a proposta do Presidente da Mancomunidad que literalmente di:

**“AO PLENO DA MANCOMUNIDADE**

*A Mancomunidad é propietaria do inmovible situado en Polígono Industrial da Gándara parcela 153 calificado como ben de dominio público, servizo público.*

*O expresado inmovible ata o ano 2017 estivo destinado ao servizo de matadoiro mancomunado. A partir desta data quedou libre desta actividade.*

*A necesidade de vender, alugar ou concesionar esta propiedade, para fins sociais ou actividades económicas que contribúan á dinamización do polígono industrial no que se encontra e do territorio en conxunto, á par de ser unha fonte de ingresos, aconsella a súa desafectación como ben de servizo público e avala a conveniencia da súa calificación como ben patrimonial ou de propios.*

*Beneficia ao interese público local a alteración da calificación xurídica de dito ben nas circunstancias actuais, ao non cumprir a súa función socio-económica na actualidade, e ser proveitosa a súa venda, aluguer ou concesión, fin que se persegue dentro da legalidade.*

*Por todo isto, de conformidade co preceptuado no artigo 81 da LBRL e artigo 8 do RB, previo o preceptivo informe de oportunidade e legalidade, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

- 1. Alterar a calificación xurídica do inmovible situado en Polígono Industrial da Gándara parcela 153 (antigo matadoiro mancomunado), desafectándoo do dominio público, quedando calificado como ben patrimonial.*
- 2. Someter o expediente a información pública polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios da mancomunidad e Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as alegacións que se estimen convenientes.*
- 3. De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerárase aprobada definitivamente a alteración da calificación xurídica do inmovible meritado, quedando facultado o Sr. Presidente para a recepción formal do mesmo.*

*Ferrol, 23 de xullo de 2018,*

*O Presidente da Mancomunidad*

*Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández”*

Á vista do informe de oportunidade e legalidade expedido con carácter favorable polo Secretario da Mancomunidad,

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

E para que así conste aos efectos oportunos expido a presente co visto e prace do Presidente en Ferrol, a 27 de xullo de 2018, coa salvedade que establece o artigo 206 do ROF.

Visto e Prace, o Presidente da Mancomunidad  
Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario Xeral da Mancomunidad  
Asdo.: Leopoldo Moure García





En cumprimento do preceptuado no artigo 173 do ROF e proposta do Presidente de data 23 de xullo de 2018, emito informe sobre os extremos que se precisarán en base aos seguintes:

### ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Mancomunidad Concellos da Comarca de Ferrol é dona do inmovible situado en Polígono da Gándara 153 (Narón) coñecido como Matadoiro Mancomunado, inscrito co cuxa

SEGUNDO. O inmovible estaba destinado á actividade de matadoiro mancomunado e esta afectación a un servizo público é a razón de condición de ben de dominio público.

TERCEIRO. O Presidente na súa proposta de data 23 de xullo de 2018 considera conveniente o cambio de afectación do meritado inmovible argumentando o necesario.

Corresponde ao Secretario Xeral informar sobre a a lexislación aplicable e a adecuación a esta lexislación de aquilo que se actúe.

En cumprimento deste deber emito o seguinte

### INFORME

PRIMEIRO. A lexislación aplicable ven determinada no artigo 81 LBRL, que establece a necesidade dun procedemento previo no que se acredite a oportunidade e legalidade da alteración da calificación xurídica e no artigo 8.3 RB, que fixa a esixencia de previa información pública por prazo dun mes e, por último, no artigo 37-3 1 LBRL, que esixe que o acordo sexa tomado polo Pleno co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

SEGUNDO. É preciso que o procedemento acredite a oportunidade e legalidade da alteración da calificación xurídica.

Na proposta do Presidente quedan patentes as razón de *oportunidade*: as instalacións non cumpren a súa función socio-económica ao estar baleiras, e existe unha necesidade de parcelas para fins sociais ou actividades económicas que contribuirían á dinamización do polígono industrial e do territorio.

A *legalidade* dende o punto de vista da súa *causa ou presupostos de feito* e desde os *fins* que se perseguen, cúmprese tamén por canto se procura o interese xeral, non detectándose infracción.

Da precedente exposición poden extraerse as seguintes

### CONCLUSIÓNS

PRIMEIRA. O actuado axústase á legalidade e aprécianse razóns de oportunidade.

SEGUNDA. Deberá aprobarse a alteración da calificación xurídica de ben de servizo público a ben patrimonial por acordo provisional do Pleno da corporación co quórum da maioría absoluta legal de membros da Corporación, someterase o expediente a información pública polo prazo dun mes, para oír reclamacións que serán resoltas pola Corporación. Se non se producen reclamacións, a aprobación inicial deviría definitiva, facéndoo así constar no acordo.

Non obstante, a Corporación acordará o pertinente.

Ferrol, 23 de xullo de 2018,

O Secretario Xeral da Mancomunidad

Asdo: Leopoldo Moure García

